

# ROSA DARRIBA

Esther Rodríguez/Cerna. Fotografía: Xan G. Muras

**ROSA DARRIBA, DE PROFESIÓN E VOCACIÓN MESTRA, LEVA TRABALLANDO NO NACIONALISMO DESDE OS ANOS 70. A SUA RELACIÓN CO ECOLOXISMO XURDE COA PARTICIPACIÓN NUN COLECTIVO ECOPACIFISTA DA GUARDA NADO A RAIZ DA GUERRA DO GOLFO, RELACIÓN QUE MANTÉN NA SUA VIDA COTIÁN ASÍ COMO NO SEU TRABALLO DE ENSEINANTE E COLABORANDO CON GRUPOS ECOLOXISTAS COMO ANABAM OU ADEGA. CONCELEIRA DO BNG EN A GUARDA, É DEPUTADA NO PARLAMENTO GALEGO DESDE AS ÚLTIMAS ELEIÇÕES.**

**C.- Como valoras o progresivo aumento das mulleres na vida política do país?**

R.D.- Positivo pero escaso, non porque as mulleres non queiramos senón por unha educación que nos dificulta a participación política. Seguen a funcionar mecanismos que nos cortan camiños. Neste sentido estou dacordo coa discriminación positiva aínda que a forma de aplicala é unha cuestión máis complicada. É difícil seguir estrictamente unha política de cupos. Ás veces, poño por caso nas eleccións municipais, é difícil cumprir un cupo mínimo de mulleres, sobre todo en zonas rurais.

**C.- Pensas que o ecoloxismo é unha moda?**

R.D.- Se o fose, benvida a moda! Hoxe penso que socialmente se percebe máis como unha necesidade que como unha moda. Os grupos ecoloxistas teñen feito un labor moi importante de concienciación a respecto da necesidade da conservación do medio. Outra cousa é a nivel político. No BNG vimos incorporando presupostos ecoloxistas na nosa política desde hai tempo. Outros perciben-no como unha demanda social e intentan incorporar todo "un marketing ecoloxista" no seu discurso, pero non pasan de pintar de verde a súa imaxe. A Consellería de Meio Ambiente é unha cuestión de marketing.

**C.- Pensas que os temas ambientais son percibidos polos grupos políticos no Parlamento como cuestións de rango inferior?**

R.D.- Unha mostra da importancia que se lle dan aos temas de medio ambiente no Parlamento está nos orzamentos, duramente criticados polo BNG, que non acadan sequer o 0'7 do total para a recién creada Consellería de Meio Ambiente. Por outra banda dificilmente se vai facer unha política ambiental correcta cando esta Consellería segue sen ter as competén-

cias plenas en materia de augas, cando só se lle adica un cuarto dese total a programas de protección do medio. Nós chamamos-lle a consellería de medio ambiente porque só se ocupa da metade do medio. Aplaudimos a creación desta consellería, nós sempre defendimos a súa creación pero entendemos que debería aglutinar todas as competencias que até agora estaban dispersas en outras consellerías.



Parécenos gravísimo que, tal e como está a situación das augas, -entre o 30 e o 33% da poboación non ten saneamento ocasionando vertidos de augas residuais directamente aos ríos e ao mar- esta competencia non estexa en medio ambiente.

**C.- Dentro desas limitacións, consideras correctas as prioridades da Consellería?**

R.D.- A Consellería destina unha mínima parte dos seus orzamentos á protección do medio natural, empregando o resto para insistir en levar adiante o seu plano forestal, con un programa de "prevención" de incendios que non é tal. O plano forestal converteu Galiza nunha república eucalipteira. Nós propuxemos un plano de reestruturación do sector forestal no que se contempla destinar unha importante partida orzamentaria a medidas de prevención, en base á unha análise das causas dos incendios, pero foi rexeita-

do. Non entenden o que significa prevención e prefiren seguir coa súa política clientelar cos concellos

**C.- En qué medida pensas que o BNG asume presupostos ecoloxistas?**

R.D.- Penso que non hai máis que ver o noso último programa electoral, no que se recollen cuestións moi concretas e acertadas de cara á protección do medio, procedentes en boa medida de grupos ecoloxistas. O BNG tivo desde sempre unha sensibilidade ecoloxista boa e foi este un tema que sempre nos preocupou e penso que cada vez máis.

**C.- Cales son, para ti, os inimigos da natureza?**

R.D.- Son aquelas persoas que descoñecen o seu valor. Aqueles que pensan que poden ir polo mundo arrasando sen pensar no futuro nen en melloorar a calidade de vida.

**C.- É o teu grauciño de area para ser máis amiga da natureza?**

R.D.- Como mestra, entendo que todo ensinante debería transmitir uns determinados valores i entre eles o respecto ao medio; os nenos e as nenas son moi receptivos e fan en moitos casos de portavoces cos maiores; son o futuro e hai un traballo importante que facer na educación. Noutros ámbitos, por exemplo no Concello, dou "guerra" para que se utilice papel reciclado e que haxa contentores para a recollida selectiva de papel, vidro, pilas... e que se reduza o uso dos plásticos. Nun plano máis persoal, practico a agricultura biolóxica na miña horta. Fago compost e incluso teño algunhas receitas: contra as pragas: rocío as plantas coa auga de cocer estrugas, os xeránios e a albaha-ca son repelentes de insectos e para que non se acheguen nen lesmas nen caracois planto "tagetes" arredor de leitugas e hortalizas. Tamén me gusta a "caza" fotográfica e procuro convencer aos que practican a outra caza a que se pasen a esta outra modalidade.